



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO DE OUTEIRO GRANDE
Promotor	AV OUTEIRO RUBIO, S.L.U.
Localización	CONCELLOS DE FORCAREI E A ESTRADA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN661A 2011/1-4

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 23/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/630622, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019.
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Informe Técnico: "Campos electromagnéticos y salud pública". Ministerio de Sanidad. Mayo 2001.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase có obxectivo de identificar e valorar os impactos no medio ambiente do proxecto obxecto de estudo que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde pública. Para iso avalíase a documentación recibida con relación a dito proxecto.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha





vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, operación e desmantelamento. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería de asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

Refírese que o Parque Eólico De Outeiro Grande localízase dentro dos termos municipais de Forcarei e A Estrada, pertencentes a provincia de Pontevedra. A zona ten un uso agrícola predominante a nivel das zoas máis baixas e un uso forestal nos niveis superiores.





Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a unha distancia mínima de 564 m do aeroxerador OG-01.

Na contorna do proxecto e a menos de 1500 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais e servizos públicos nos núcleos potencialmente afectados, que son: Pousada, Viladafonso, Pazos, Somozas, Sinteiro, Fraíz, San Martiño, Parada, Castrelo de Abaixo, Castrelo de Arriba, Espiñeiros, As Pereiras, Esmorís, O Mesadoiro e Golfariz.

Analiza os establecementos turísticos existentes nun radio de 10 km, constatando que a maioría se sitúa a máis de 5 km, ca excepción de dous establecementos situados a uns 1,62 km do aeroxerador máis próximo.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes.

- Augas residuais.
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos.
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.





d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc.

e) Electrocución.

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

h) Outros:

- Pragas e vectores.
- Arrastre de sedimentos.
- Incendios.
- Vertidos accidentais.
- Outras emerxencias.

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

2.3.1 Aire

•Identifícase emisións de po e partículas na fase de obra e desmantelamento, como consecuencia da obra civil e da circulación de vehículos, estimando unha incidencia sobre a calidade do aire reducida, debido a súa escasa magnitude e a ausencia de entidades de poboación no seu entorno próximo. Refire medidas correctoras e protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, como son regos das superficies afectadas polas obras, cobertura das caixas dos camións ou lavado de rodas dos camións á saída das obras.

Refire a afectación dos niveis sonoros e do aire en relación a emisión de po e partículas, no caso de realizar voaduras. Refire a aplicación de medidas correctoras





para diminuír o ruído e vibracións e para minorar a proxección de partículas, como a existencia de retirada da superficie de todo o detritus da perforación e a utilización de técnicas que diminúan ao máximo os niveis de ruído e vibracións.

- Identifícase emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de obra e desmantelamento debido ao tráfico inducido na zona de maquinaria asociada ás obras. Refírese medidas como limitar a velocidade máxima de circulación por pistas e camiños de acceso á obra, control periódico da maquinaria e control de emisións mediante as revisións correspondentes en cada caso.

Refírese ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos das turbinas e da subestación do parque.

• Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obras (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).

Presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obra, tendo en conta como fontes de emisión a maquinaria que se empregará na execución do proxecto.

Indica que non existen fontes de contaminación acústica de entidade no ámbito de estudo, baseándose na consideración dos Mapas Estratéxicos de ruído existentes, pero non presenta un estudo preoperacional que sirva como nivel de referencia.

Faise unha estimación teórica na xeración de ruído durante a fase de obra, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación, indicando que, en ningunha das fases de obra previstas se superará nos ámbitos potencialmente receptores do ruído, o limiar dos 60 dB(A) e 50 dB(A) en horarios diúrno e nocturno respectivamente, e que este limiar será superado, respecto do punto de obra, a unha distancia inferior a 115 m en horario diúrno e 158 m en horario nocturno.





No referente á fase de explotación, presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora, aportando planos de estudo operacional no que se establecen 3 isófonas de 45, 55 e 65 dB(A). Segundo o estudo presentado non se ve afectada ningunha poboación próxima aos aeroxeradores. Non sinala que ferramenta informática ou programa utiliza para o estudo acústico e tampouco indica a situación dos receptores que nos permita avaliar o punto de recollida de datos e a distancia real cara aos aeroxeradores.

Considera aplicar medidas correctoras e protectoras, durante a fase de obra mediante o emprego de silenciadores na maquinaria ou a revisión da ITV nos prazos regulamentarios.

Presenta un plan de vixilancia ambiental para as fases de obra e explotación mediante o control dos niveis de inmisión xerados e a comprobación do cumprimento das medidas prescritas. Non contempla a aplicación de medidas correctoras e protectoras en caso de superar os limiares establecidos.

Fai referencia aos parques eólicos existentes ou proxectados no ámbito de incidencia visual do parque eólico De Outeiro Grande, indicando que o parque eólico máis próximo é o de San Sebastián, o cal se atopa a 2150 m do aeroxerador OG-01. Indica que a pegada sonora de cada aeroxerador alcanza o nivel de 45 dB(A) a unha distancia de pouco máis de 225 m de cada posición concluindo que máis alá deste ámbito este efecto non se manifesta, polo que non considera posibilidade de solapamento con outros parques.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

•Campos electromagnéticos

O Parque Eólico De Outeiro Grande está composto por:

- 5 aeroxeradores, 3 dos cales contan con 3,3 MW de potencia nominal unitaria, 82 m de altura de buxeiro e 136 m de diámetro de rotor, e os outros dous con 4,2 MW de





potencia nominal unitaria, de 105 m de altura de buxeiro e 150 m de diámetro de rotor. Con transformador de 0,72/30 kV cada un.

- Unha rede colectora subterránea de 30 kV ata a subestación.
- Subestación 30/132 kV e edificio de control.

Ademais a liña eléctrica de evacuación conecta ca SET do PE Montefesteiros e ca SEC Arela (132/400 kV), toda a liña é aérea salvo un tramo soterrado para o cruzamento baixo o camiño de inverno a Santiago. Para finalizar a LAT de 400 kV parte da SEC Arela ata SET Silleda.

No referente aos campos electromagnéticos, no estudo presentado dos mesmos toma como referencia os limiares do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.

Este Decreto limita os campos electromagnéticos na proximidade das instalacións de alta tensión ao indicado no RD 1066/2011, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 μ T respectivamente, en zoas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Presenta un estudo de estimación mediante software de simulación establecendo os valores de campo eléctrico e magnético xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque.

Para o campo eléctrico faise un estudo para a SET, edificio de control, os aeroxeradores e a rede de media tensión, determinando que non superan os 5 kV/m medidos a 1 m de altura e dentro dos límites accesibles para o público. Indícase que segundo a Norma UNE 62110, os cables subterráneos non producen ningún campo eléctrico por encima do chan.





En canto ao estudo do campo magnético efectuado para os condutores e transformadores da SET, os aeroxeradores e a rede de media tensión, a simulación non supera en ningún caso os 100 μ T. Na SET o campo magnético máximo se alcanza na zoa de 30 kV do transformador de potencia, fora do recinto da SET os valores son inferiores a 1 μ T.

Con respecto as turbinas, faise mención ao cumprimento con respecto do establecido na normativa europea en materia de compatibilidade electromagnética.

Non considera necesario levar a cabo medidas de restrición nin de seguimento, debido a que os valores obtidos están moi por debaixo dos límites máximos establecidos na normativa vixente.

Refire o cumprimento tanto da turbina como do equipo relacionado con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

2.3.2 Augas

•Augas de consumo

A subestación estará equipada con baño para o persoal, indicando que se prevé a execución dun pozo de barrena para subministro de auga. Indica que a auga de abastecemento cumprirá co establecido no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiónelose.

Refire unha captación subterránea, destinada ao abastecemento de auga potable, no lugar de Fraíz, así como outra situada no borde oeste da poligonal da mesma natureza e finalidade, vinculada ao lugar de Parada. Todas están adscritas ao ámbito da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Indica que na actual fase do proxecto non resulta posible aportar datos concretos sobre as características da auga captada e que con carácter previo ás obras solicitaranse ante o organismo de bacía os permisos necesarios para a execución da captación conforme á normativa aplicable e que se realizarán as análises





pertinentes que permitan garantir a súa potabilidade, no caso de que sexa necesario aplicarán un tratamento de potabilización que garante a aptitude da auga para o consumo humano. As características da auga cumprirán en todo caso os criterios establecidos no RD 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

Indica que no caso de que a instalación de auga fría de consumo humano dispoña de depósitos, estarán tapados cunha cuberta impermeable, e si se utiliza cloro como desinfectante, engadirase ao depósito mediante dosificadores automáticos, realizando unha comprobación nos niveis de cloro residual libre ou combinado nun número representativo dos puntos terminais.

Menciona a instalación dun sistema de auga quente sanitaria, a cal cumprirá cos requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiónelose.

- Augas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, indica o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Considera isto como un impacto admisible co emprego de medidas protectoras e correctoras.

Indica que antes de levar a cabo calquera actuación na zona de dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía de leitos públicos, obterase a correspondente autorización do organismo de bacía competente.

- Augas residuais/vertidos

- Augas residuais sanitarias





Prevé a instalación dunha fosa séptica, de 5000 litros de capacidade, para vertido das augas residuais xeradas nos aseos do edificio de control da subestación, a cal será legalizada ante o organismo de bacía competente. En canto as medidas de seguimento e control, un xestor especializado encargarse do seu baleirado e posterior traslado a vertedoiro. Refire o mantemento e limpeza da fosa séptica bienalmente a través de xestor autorizado.

Non indica se a fosa séptica consta dun separador de graxas para as súa depuración.

- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra.

Indica que na fase de obra implantarase un sistema de clasificación de residuos, habilitando un "Punto limpo" o cal estará impermeabilizado e disporá dun sistema de drenaxe superficial para recoller, nas balsas de decantación, calquera derrame accidental.

Indica que se habilitarán, para o lavado de cubas de formigón, fosas de lavado na zona de obras, recubertas de material impermeable, de forma que finalizado o seu uso se poida extraer o material vertido e retirado ao vertedoiro como residuo de construción e demolición.

No caso de que se produzan vertidos accidentais de residuos perigosos, menciona a súa contención mediante o uso dun produto absorbente (cal, area, cemento), recolléndose a mestura resultante e trasladándoa a un contedor adecuado para o seu tratamento posterior como residuo perigoso.

- Vertidos procedentes de transformadores a intemperie.

Indica que nos transformadores da subestación se instalará un depósito subterráneo, conectado co foso do transformador, e con capacidade suficiente para a recollida do aceite que poida recibir en caso de avaría ou operacións de mantemento.

Indica que cada transformador incluírá unha sonda que informará ao equipo de control da temperatura dos mesmos e un relé de nivel de aceite.

2.3.3 Chan





Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de construción e explotación, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de obra, explotación e desmantelamento do parque.

Indica que durante a fase de obra implantarase un sistema de clasificación de residuos, procedéndose a súa recolección diferenciada atendendo ao tipo de residuo e o seu posterior tratamento e xestión, habilitando un "Punto limpo" onde, ademais de levar a cabo os traballos de recollida, separación e almacenaxe dos residuos, realizaranse as labores de mantemento de maquinaria. Indícase que a zona estará completamente impermeabilizada e disporá dun sistema de drenaxe superficial con recollida en balsas de decantación ante calquera derrame accidental. Así mesmo indica a actuación por parte de xestor autorizado.

Refire medidas preventivas como a formación dos operarios sobre o correcto manexo, separación e almacenamento dos residuos producidos, e un programa de vixilancia ambiental mediante a comprobación do cumprimento das medidas adoptadas.

- Produtos perigosos

Refírese o uso de aceites e combustibles xerados na fase de obra, indicando que se xestionarán mediante un xestor autorizado.

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, filtros, pinturas e baterías, entre outros.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non se menciona o uso de biocidas, que no caso da súa utilización, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.





Menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas), para o desenvolvemento de limpeza de vexetación, pero non fai referencia ao cumprimento da normativa vixente referente á comercialización e empregos destes ou ao uso de alternativas aos mesmos de ser o caso.

Refire o emprego de hexafluoruro de xofre (SF_6) indicando que terá en conta o "Protocolo para la eliminación de residuos de descomposición de SF_6 de los equipos eléctricos" publicado polo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente en 2017, no que se detalla o conxunto de accións que se deben seguir para a correcta execución dos traballos de tratamento de estes sólidos dos equipos eléctricos de media e alta tensión, que utilizan SF_6 ao final da súa vida útil. Este tipo de illantes deberán someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplan as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se poidan derivar afeccións á poboación ou aos traballadores. Dado que o SF_6 é un dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados, pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, deberían contemplarse as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Menciona que todos os produtos perigosos que se empreguen nas operacións de obra, explotación e/ou labores de mantemento, disporán de fichas de datos de seguridade do produto.

Cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)





Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1360 m (para os aeroxeradores 3, 4 e 5) e de 1500 m (para os aeroxeradores 1 e 2), dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.

Indícase que se realiza un estudo do potencial impacto mediante o software ArcGis, seguindo as prescricións de normativa alemá e danesa, que fixan para o peor escenario posible, un límite de 30 horas anuais de exposición a dito efecto. Realiza o estudo no peor dos escenarios (teórico) pero non realiza o estudo para un caso real. Indica que os receptores se situaron nos núcleos de poboación próximos pero non indica cantos receptores ten en conta nin a súa situación exacta.

Tras o estudo conclúe que para ningunha das entidades existentes, así como tampouco para ningunha das súas vivendas, se alcanza o limiar de 30 h/ano de exposición para o "caso peor", alcanzando o valor máis alto os núcleos de Parada e Castrelo de arriba (29,38 h/ano e 20,54 h/ano respectivamente).

Non presenta unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parques eólicos en trámite ou en funcionamento na contorna, debido a que indica que so se produce un pequeno solapamento con respecto á posición OG-01 co PE San Sebastián, e que nesta zona non se sitúa ningunha poboación e que non é posible que se xeren impactos desta natureza.

Non contempla un plan de seguimento durante o primeiro ano e tampouco considera necesaria a implementación de medidas protectoras, correctoras ou compensatorias.

- O proxecto inclúe un estudo onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte a accidentes graves e/ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais tanto internas (accidentes con sustancias perigosas, incendios, etc.) como externas (movimentos sísmicos, inundacións, tormentas eléctricas, etc.) , así como a





avaliación de si as ameazas identificadas se producirán. Da análise conclúese que tanto os niveis de risco como a vulnerabilidade do proxecto son moi baixos.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

Fai referencia a que se aplicará un plan de autoprotección e un plan de prevención e extinción de incendios forestais, no cal se describirán os medios e equipos dispoñibles para a extinción de incendios e o procedemento a seguir no caso de que se declare un incendio. Menciona que o deseño do edificio de control e o campo de intemperie da subestación, cumprirán o establecido no Regulamento de Seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Refire a disposición de medios adecuados de protección e detección contra incendios.

Nomea a existencia dun plan de emerxencia, no cal se refiren as medidas a tomar en caso de detectar vertidos procedentes das obras á rede fluvial ou detección de aceite e combustible.

- Indica que os produtos químicos utilizados na turbina, se avalían de acordo con Vestas sistema ambiental, certificado segundo ISO 14001:2015. Refire como medida preventiva na fase de obra, a implantación de sistemas de xestión certificados (EMAS, norma ISO 14001 ou similares).

- Refire como medida de seguridade e control de acceso do público á subestación a construción dun cerramento exterior.

- Indica que disporá dun sistema integrado de control de pragas ou vectores nas instalacións de aproveitamento hidroeléctrico, priorizando a implantación de medidas preventivas e de control, incluíndo un programa de limpeza das instalacións. Sinala que no caso de atopar indicios de vectores ou pragas encargárase a unha empresa especializada e autorizada os traballos necesarios para erradicala.





3. CONCLUSIÓNS

•O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque eólico De Outeiro Grande desenvolvida ao longo do noso informe, e sen prexuízo das atribucións na materia dos organismos competentes, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración:

- Non se presenta un estudo preoperacional, que sirva como nivel de referencia, para avaliar a incidencia do parque eólico sobre os niveis sonoros da contorna.

- Non sinala que ferramenta informática ou programa utiliza para o estudo acústico. Consideramos a estimación de ruído presentada insuficiente, debido a que, para a fase de explotación, tan só tense en conta a emisión acústica de cada aeroxerador, segundo as características técnicas aportadas polo fabricante.

Deberá presentar un estudo acústico, tendo en conta algunhas das seguintes variables, como son: topografía do terreo, condicións climatolóxicas, vexetación, etc. Deberá establecer o nivel sonoro en receptores (vivendas, pobos) dentro da área de influencia que permita avaliar se se respectan os valores límite indicados pola lexislación vixente. Deberá contemplar a aplicación de medidas correctoras e protectoras en caso de superar os limiares establecidos, en fase de explotación.

- Non se describe se a fosa séptica consta dun separador de graxas para a súa depuración.





◦ Non se menciona o emprego doutros produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións e mantemento das mesmas, a súa xestión ou a súa eliminación:

- Biocidas, no caso súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.

◦ Fitosanitarios (herbicidas), no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o emprego dos mesmos, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego destes.

◦ Non se contempla o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do efecto de parpadeo de sombras durante o primeiro ano para verificar o cumprimento dos limiares establecidos, incluíndose unha previsión de medidas correctoras ou mitigadoras, no caso de superación dos mesmos. O proxecto recollerá as medidas mitigadoras a aplicar, no caso de superar o limiar de 8 h/ano, para o "caso real", segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos"

(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>).

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

